

ESTATUTOS

ASOCIACION DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS

COLEXIO PEÑA DE FRANCIA

C.I.F. G36014611

# ESTATUTOS

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN E DOS SEUS FINS

Artigo 1º.- Constitúese en Mos unha Asociación sen ánimo de lucro que se denominará “PEÑA DE FRANCIA” de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Peña de Francia de Mos. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

1. Asistir ós pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.
2. Colaborar nas actividades educativas do centro.
3. Promove-la participación dos pais e titores de alumnos na xestión do centro.
4. Asistir ós pais e titores de alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do centro.
5. Facilita-la representación e a participación dos pais e titores de alumnos no Consello Escolar e nos órganos colexiados que se establezan.
6. Promove-la formación integral dos alumnos, organizando a tal fin cantas actividades socioculturais e deportivas considere oportuno.
7. Participar activamente en colaboración con outras asociacións públicas e privadas, na defensa dos dereitos e liberdades dos alumnos, e dos seus pais, especialmente nos referidos ó ensino e á educación.
8. Establecer acordos ou convenios con institucións públicas ou privadas, co fin de alcanzar os obxectivos descritos nos puntos anteriores.
9. Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.
10. Promove-las accións necesarias para coñece-la realidade sociolingüística e cultural dos alumnos do CEIP Peña de Francia de Tameiga- Mos, co fin de colaborar na definición dunha adecuada estratexia didáctica e pedagóxica.
11. Poder exercer como entidade prestadora de servicios ás organizacións xuvenís, clubs e escolas deportivas, que legalmente se constitúan, e estean vinculadas directa ou indirectamente ó CEIP Peña de Francia de Tameiga- Mos.

Artigo 3º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Mos, Bº da Igrexa s/n C.P. 36416; teléfono 986330667,

Artigo 4º.- A Asociación en funcións dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Artigo 5º.- A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artigo 6º.- Serán membros de pleno dereito e terán a condición de asociados, os pais, nais, titores ou representantes de alumnos matriculados no Colexio, que voluntariamente formalicen a solicitude de admisión e acepten os presentes Estatutos da Asociación. Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º.- Son dereitos dos socios:

1. Asistir e intervir con voz e voto na Asamblea Xeral.
2. Presentar á Xunta Directiva os asuntos e cuestións que consideren de interese.
3. Solicitar información á Xunta Directiva.
4. Elixir e ser elixido como membro da Xunta Directiva.
5. Colaborar nos actos da Asociación e participar nas súas comisións de traballo.
6. Pedir a inclusión na orde do día de calquera asunto relacionado cos fins da Asociación para ser tratado pola Asamblea Xeral ou pola Xunta Directiva. O tema a tratar deberá ser presentado por escrito dirixido ó Presidente da Asociación, alomenos con dez días de antelación á convocatoria.
7. Ter copia destes Estatutos.
8. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 8º.- Son deberes dos socios:

1. Paga-las cotas a través do procedemento establecido.
2. Asisti-las reunións e actos convocados polos órganos de goberno.
3. Cumprir-las acordos da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva e o disposto nos Estatutos da Asociación.
4. Colaborar activamente para a consecución dos fins da Asociación e á eficacia da execución dos mesmos.

Artigo 9º.- A condición de asociado perderase:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por deixar de pertencer o centro os fillos ou tutelados da familia.
4. Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.

### CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 10º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 11º.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e exercerá os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

Artigo 12º.- A xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

A ausencia inxustificada e reiterada ás reunións da Xunta Directiva, suporá a perda da condición de membro, que poderá ser acordada pola mesma Xunta, facéndose efectiva unha vez aprobada pola Asamblea Xeral.

Para que os acordos da xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 13º.- Serán funcións da Xunta Directiva:

1. Realizar as accións necesarias para facer efectivas as decisións da Asamblea.
2. Dar de alta e baixa ós socios.
3. A xestión e administración dos medios de que dispón a Sociedade.
4. Presentar á Asamblea a memoria de actividades e o balance dos gastos.
5. Cumprir e facer cumprir-los Estatutos.
6. Manter relacións e suscribir acordos e convenios con calquera institución pública ou privada, para acadalos fins da Sociedade.
7. Facerse entender pola Dirección do centro, para a consecución dos acordos da Asamblea e da Xunta Directiva.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros: un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro, dous vocais e un número de vocais indefinido.

Poderá ser membro da Xunta Directiva, calquera socio, que tendo ó día as súas obrigas coa Asociación, comprometése a levar a cabo os acordos da Asamblea Xeral.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Artigo 15º.- A Asamblea Xeral elixirá ós vocais, entre os candidatos que se presenten. A continuación os Vocais elixirán a Xunta Directiva.

Os membros da Xunta Directiva serán elixidos por un período de dous anos. Poderase proceder a súa renovación total ou parcial, por dimisión ou destitución dos seus membros, ou pola perda da condición de socio. Dita renovación poderá ser plantexada á Asamblea Xeral en calquera das súas reunións.

Artigo 16º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 17º.- A Asamblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asamblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario cando haxa asuntos que o requiran e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

A convocatoria da Asamblea Xeral, será feita polo Presidente ou substituto, a través de citación escrita a cada un dos asociados, na que se incluírá lugar, día, hora e asuntos a tratar. A citación farase alomenos con dous días de antelación á data de celebración.

Artigo 19º.- Para que as assembleas poidan tomar acordos, integranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira

convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 20º.- Serán competencias da Asamblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades a desenvolver.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Ter coñecemento e aproba-lo estado de contas da Asociación.
5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 21º.- Serán competencias da Asamblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Acorda-la disolución da Asociación.
5. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
6. Tódalas non conferidas expresamente á Asamblea ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 22º.- Os acordos adoptados na Asamblea Xeral serán polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes, excepto os relativos ós apartados 1 ó 5 do artigo anterior, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asinará o/a Presidente, o/a Secretario da Asamblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asamblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 23º.- Os acordos tomados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as. Incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a plantexa-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a Presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asistentes, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído este punto levantarase a sesión por parte do Presidente.

Artigo 24º.- Serán funcións do Presidente da Xunta Directiva:

1. Representar á Asociación en tódolos actos de interese, e diante de calquera organismo público ou privado.
2. Convocar e presidi-la Asamblea Xeral e as reunións da Xunta Directiva, actuando de moderador nos debates, podendo decidir que se proceda á votación cando considere que os asuntos obxecto de debate foron suficientemente discutidos.
3. Propoñer actividades e ordenar pagos.
4. Asinar xunto co tesoureiro os documentos contables da Asociación.
5. Visa-las actas de reunión da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.
6. Firmar acordos ou convenios con institucións públicas ou privadas.
7. Recavar medios e fondos para o cumprimento dos fins da Asociación.
8. Propoñer e formar comisións de traballo en áreas específicas, das cales poderán formar parte socios e non socios.

O Presidente será asistido nas súas funcións polo Vicepresidente, que, ademais, sustituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 25º.- Serán funcións do Secretario:

1. Notifica-las convocatorias, custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.
2. Recibir e tramita-las solicitudes de ingreso, levando o ficheiro e o libro rexistro de asociados.
3. Redactar e trasladar ós seus respectivos libros as actas das reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.
4. Levar a dirección dos traballos administrativos e asistir ó Presidente e á Xunta Directiva para a consecución dos fins da Asociación.

En caso de enfermidade ou ausencia do Secretario, as súas funcións serán exercidas polo vocal de maior idade que estea en disposición de asumilas.

Artigo 26º.- Son funcións do Tesoureiro:

1. Dirixi-la contabilidade da Asociación, levando conta dos ingresos e gastos asociativos
2. Recaudar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación, dando cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
3. Levar ó día o cobro das cotas dos socios e firmar xunto co Presidente os documentos contables da mesma.
4. Proceder ó peche do exercicio presupostario ó remate do curso escolar e presentar á Asamblea a Memoria Anual Contable da Asociación.

En caso de enfermidade ou ausencia do Tesoureiro, serán exercidas as súas funcións polo vocal de menor idade que estea en disposición de asumilas.

Artigo 27º.- Son funcións dos vocais:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva, e participar nas súas decisións.
2. Formar parte e coordinar, se é o caso, as comisións de traballo que se creen.
3. Presentar suxerencias, e propostas de traballo á Xunta Directiva.
4. Vota-las propostas que se presenten nas reunións da Xunta.
5. Sustituir ó Secretario e Tesoureiro en caso de necesidade.

Artigo 28º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recurridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expeditiva a vía para recurrir a xurisdicción ordinaria.

## CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º.- A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 1500 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co remate do curso escolar no mes de Xuño.

Artigo 30º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 31º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As subvencións ou doazóns que poideran conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente, o Secretario e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.



Artigo 33º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

## CAPÍTULO V MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos socios. A convocatoria da Asamblea xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas. Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asamblea Xeral de socios.

Artigo 35º.- A Asociación disolverase pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as ou por outras causas determinadas legalmente.

Artigo 36º.- Acordada a disolución, a Asamblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando líquido resultante.

Artigo 37º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación quedará a disposición do que determine o Consello Escolar.

Mos a 25 de Abril de 2004.

